



INFORME DE INTERVENCIÓN

Proposta de adxudicación: SERVIZO DE INTERPRETACIÓN DA LINGUA DE SIGNOS
Valor estimado de licitación do contrato: 100.000€ (50.000€/ano)
Duración: 1 ano dende a formalización prorrogable 1 ano mais

Datos do expediente:

- Procedemento aberto
- Tramitación ordinaria
- Múltiples criterios de valoración: subxectivos e obxetivos

Análise da proposta

A proposta de adxudicación formulada polo Director de Recursos Humanos o 09/11/2015, detalla o iter procedimental resultando:

- ✓ Que se lle deu a publicidade preceptiva aos pregos, convocatoria, mesas.
- ✓ Que se seguiron as fases da licitación celebrándose as mesas de contratación
- ✓ Que se presentaron dous licitadores:
 - Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia
 - UTE David Fernandez Garcia, Ruth Lamas Ferreiro e AlbaTamara Puentes Garcia
- ✓ Que unha vez ponderados os criterios que deban aplicarse para efectuar a selección do adxudicatario, previa solicitude dos informe técnicos remitiuse a proposta da mesa ao órgano competente para a contratación, que formulou proposta de clasificación das empresas presentadas e requiriu ao licitador que presentaba a oferta mais vantaxosa economicamente a documentación esixida conforme á normativa de aplicación e pregos
- ✓ Que o licitador requirido, a sazón a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia presentou no prazo de 10 días hábiles a documentación requirida e constituíu a garantía definitiva do 5% do valor estimado final en atención á duración inicial: 2.500€.

O Director de RRHH e Rexime Interior examina a documentación presentada e a considera correcta.

Examinada a proposta de adxudicación á Mesa do Parlamento a favor de Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia FISCALIZASE FAVORABLEMENTE.

Lémbrese que a adxudicación debe acordarse, no prazo de 5 días hábiles seguintes á recepción da documentación requirida polo órgano de contratación, en resolución motivada.

A adxudicación deberá notificarse aos candidatos ou licitadores cos recursos procedentes, e publicarase nun diario oficial e no perfil do contratante do órgano de contratación sinalando o prazo en que debe formalizarse o contrato, que asemade deberá ser obxecto de publicación



De conformidade co disposto no artigo 333.3 da TRLCSP, deberase comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do sector público antes do primeiro trimestre do ano seguinte, nos termos indicados no RD. 817/2009 (Anexo I, códigos CPV...)

Santiago de Compostela, a 16 de novembro de 2015

A interventora